



O EMPREGO COMO ARMA ELECTORAL

O pleno emprego semella un obxectivo que todos queremos, mais para determinadas posicións políticas clientelares, esa situación, quítalles poder e control. Se temos pleno emprego –ou un paro moi baixo– teñen pouco efecto electoral as diferentes promesas, isto muda moito cando temos un paro elevadísimo; por exemplo: prometer a creación de 1.500 postos de traballo, a instalación dunha importante factoría de papel, un centro de ocio, un museo da minaría, unha residencia, etc., e, si a estas promesas –sempre incumpridas–, lle engadimos que para “facilitar” a xestión se entreguen os curriculums no Concello, estamos ante a creación permanente e repetitiva de expectativas para unha necesidade imperiosa, como é poder traballar.

Deste xeito de actuar tivemos o último caso coincidindo coas eleccións europeas; no Concello créase unha bolsa de emprego temporal para substitución de baixas ou por necesidades puntuais; proposta que por certo foi do BNG e, como noutros casos, tarde e a rastro realizou o PSOE; mais curiosamente non se publica o listado e as notas das persoas participantes até xusto o día despois das eleccións.

Fica claro que, máis unha vez, xogouse coas expectativas dun colectivo importante de persoas.

ASISTENCIAS AOS PLENOS DO CONCELLO

Dende que se constituíu esta corporación, o 11 de xuño de 2011, realizáronse 46 Plenos, e temos un concelleiro, responsable da área de deportes, que só asistiu a 7.

A área de deportes xestiona ao ano, aproximadamente, 1 millón de euros, dos cales 400.000 son en subvencións (incluídos os 200.000 do club de fútbol), mais tamén aboa uns 200.000 a empresas contratadas, algunha das cales está sen contrato en firme dende hai anos.

Non é este o único caso, hai outro concelleiro, tamén con responsabilidade de goberno, que neste tempo asistiu a só 16 Plenos.

Non sabemos que entenderán eles por gobernar, e a obriga de asistir aos Plenos para poder responder á oposición, algo fundamental en democracia.

TELÉFONOS MÓBILES

Vai para un mes que solicitamos no Concello a relación nominal dos teléfonos móbiles que paga toda a veciñanza e o gasto individualizado de cada teléfono no último ano, pois ben o Grupo de Goberno do PSOE, que tantas veces presume de xestión supermegaguay e transparencia, aínda non foi quen de responder.

Será tan difícil, nos tempos actuais, conseguir esa información, ou é que se quer borrar e agachar algo?.



--oo0oo--

Se queres recibir o Voceiro do BNG no teu correo electrónico, envíanos a túa solicitude a: aspontes@bng-galiza.org